

19'30

25.xullo.2002 // 19.30H.  
**ACTO DE ENTREGA DAS MEDALLAS  
DE GALICIA 2002**  
**Pazo de Congresos e Exposicións  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- **Sr. Presidente do Parlamento de Galicia,**
- **Sr. Delegado do Goberno,**
- **Señor Alcalde de Santiago de Compostela,**
- **Autoridades e representacións,**
- **Miñas donas, meus señores:**

### **1.- ESTE É O DÍA DE GALICIA**

Este é o día de Galicia, o día que fixo para nós os galegos o Señor Santiago, "o fermoso *Día de Nós*" como se ten dito con acerto.<sup>1</sup> E aquí estamos para celebralo colectivamente, unha vez máis, representacións do que coloquialmente se chama "toda Galicia". Aquí estamos de festa, con naturalidade, practicando a convivencia harmónica entre persoas que opinan de xeitos diferentes, pero que habitan un territorio que queren que sexa común e compartido...

Aquí nos congregamos cada ano o 25 de xullo a celebrar as grandes cousas que nos unen, aparcando a un lado as

<sup>1</sup> Alfredo CONDE, "Fermoso día de nós", *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela, 25.07.2000, p. 4.

pequenas cousas que nos dividen. Queremos sintonizar coa opinión pública, e publicada,<sup>2</sup> que quere que Galicia sexa hoxe unha festa de diversión, ledicia e convivencia na que os diálogos conflictivos que desunen e dividen deben ser aprazados para deixar paso tan só ás conversas discretas que achegan afectos e edifican concordias.

Hoxe é día de procesións co Apóstolo Santiago precedido de xigantóns e cabezudos, honrado con botafumeiros e foguetes, coreado con marchas de bandas e badaladas de sinos. Hoxe é día de misas solemnes polos nosos defuntos egrexios, e de comidas familiares cos parentes chegados de lonxe.

Hoxe é o Día de Galicia, e é día de contento, non día de tristura; día de lembrar victorias, que non derrotas; día, en fin, de esquecer mágoas e de sementar parabéns, día de borrar inxurias e de obsequiar agasallos. E aquí estamos para facer, polo pronto, o meirande agasallo simbólico colectivo que temos nesta terra, que é o das Medallas de Galicia.

---

<sup>2</sup> José MARTÍNEZ COUSELO, "Otra alegría para el día del apóstol Santiago", *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela, 27.07.2001, p. 2.

## 2.- ELOXIO DUN GRANDE ARTISTA

Impuxéronse neste acto dúas Medallas de Ouro de Galicia. A primeira delas é de carácter extraordinario e trae causa do ano anterior. Sucedeu, en efecto, que o xoves 25 de outubro de 2001 faleceu o artista galego don Eugenio FERNÁNDEZ GRANEL, e a Xunta de Galicia, sentindo fondamente tal perda, quixo honrar a súa figura coa maior prontitude, e do xeito máis solemne posible. Por tanto, o Consello da Xunta, na súa reunión do mércores 31 do mesmo mes, concedeuelle ó finado a Medalla de Ouro de Galicia que hoxe recolleu á súa señora viúva.

D. Eugenio FERNÁNDEZ GRANEL foi un galego ilustre por moitas boas razóns. Naceu na Coruña o ano 1912 e pasou a infancia e a xuventude, sucesivamente, primeiro na cidade natal, e logo en Santiago e Madrid. Finalmente, pasou o resto da súa vida por terras das dúas Américas, ata os últimos anos, en que retornou a España, residindo alternativamente en Madrid e A Coruña.

FERNÁNDEZ GRANEL orientou a súa formación xuvenil polos eidos da música e das artes literarias e plásticas, pensando desenvolvela en España. Mais foi un dos moitos españois arrastrados polos tráxicos acontecementos que culminaron nunha guerra civil de tres anos. O comezo do conflicto colleu o

señor FERNÁNDEZ GRANELLO na zona republicana, e o final do mesmo, en Francia.

Despois de pasar pola República Dominicana, Guatemala e Puerto Rico, recalou nos Estados Unidos, onde se instalou. Alí doutorouse en socioloxía na New School for Social Research e dedicouse laboralmente ó ensino da literatura española, exercido prolongadamente no Brooklyn College de New York.

Pero a súa ocupación vocacional foi sempre a literatura e a pintura. E aí foi onde deixou a obra que lle concede un posto de honra na historia da arte galega, como un dos más notables representantes da estética surrealista.

A obra escrita de GRANELLO está espallada por moitos medios de España, de Norteamérica, e de varias repúblicas latinoamericanas. Pero parte dela foi recompilada e reelaborada por el mesmo formando libros, así de ensaio, como de ficción. Entre as súas publicacións destacan: *Arte y artistas en Guatemala*, publicada en 1949; *Isla cofre mítico*, publicada en 1951; *La novela del indio Tupinamba*, editada en 1959; *El clavo*, aparecida en 1967; *Lo que sucedió*, imprentada en 1968; e *La leyenda de Lorca y otros ensayos*, editada en 1973.

Pero se a produción escrita de GRANELLO é meritoria, a súa obra plástica é aínda máis importante. Unha boa mostra dela

atópase en museos de New York, Río de Janeiro, Santo Domingo, Guatemala, San Juan de Puerto Rico, Norfolk, e agora, gracias á Fundación Granell, en Santiago tamén. Entre os seus cadros más gabados están os titulados *O mestre de equitación felicita á moza amazona*, *Os personaxes saen das nubes*, *O escultor de auga*, e *A perigosa busca do cabalo subterráneo*.

Non poucas das producións de GRANELL, así literarias como pictóricas, recibiron premios en diversos países de Europa e América. El adscribiuse dende a mocidade á estética surrealista que nunca abandonou, malia que experimentou, como é lóxico, outras técnicas diversas e afins. A súa longa estancia fóra de Galicia, a penas compensada tralo seu retorno, converteuno nun artista pouco coñecido na súa terra, cousa que lle producía unha certa mágoa que el mesmo quixo remediar. Para iso levou a efecto, coa plausible cooperación do Concello de Santiago, a Fundación que leva o seu nome, domiciliada no Pazo de Bendaña desta cidade.

A Medalla de Ouro que se lle concedeu a título póstumo a don Eugenio FERNÁNDEZ GRANELL, e que hoxe tiven a satisfacción de lle entregar á súa esposa, en presencia da súa filla, pretende honrar o artista pola súa obra, e por deixar unha

boa pegada dela en Santiago. Pero tamén busca estimular o coñecemento e o estudio daquela, que se debe levar a efecto baixo a dirección e o estímulo do padroado da meritada Fundación Granell.

### **3.- PARABÉNS Ó DÉPOR**

A Medalla de Ouro de Galicia do 2002 foi acordada, e hoxe imposta, á persoa xurídica denominada REAL CLUB DEPORTIVO DE LA CORUÑA SOCIEDADE ANÓNIMA DEPORTIVA; é dicir, "*o Dépor*" simplemente, de acordo coa elipse xeneralizada por todo o país, e tamén alén do chan patrio.

A historia do *Dépor* comezou xusto hai cen anos, en 1902, data en que o coruñés don Xosé María ABALO, estudiante en Inglaterra, unha vez retornado á casa, introduciu a práctica do fútbol na Coruña, sen ser consciente, quizais, da transcendencia educativa, cultural, económica e social que ía ter aquel deporte. O fútbol, que en pouco tempo se transformou en espectáculo de masas, e substituíu no culto popular dos coruñeses as corridas de touros, por paradoxo do azar, comezou a practicarse na única explanada hábil para iso, que era a da Praza de Touros da cidade herculina. Unha humilde sociedade deportiva privada, o

Ximnasio Sala Calvet, fundou o *Club Deportivo Sala Calvet*, que pola súa vez xerou outros diversos clubs cos que competir.

A práctica do fútbol, coa que entretiñan os seus leceres os mozos daquel grupo de ximnastas, estendeuse así rapidamente por toda a cidade, de xeito que o pioneiro *Club Deportivo Sala Calvet* era coñecido xa en 1906 como o *Club Deportivo de La Coruña*. Así o documenta unha acta de partido do 9 de xaneiro de 1907. Cinco meses máis tarde, o 11 de maio de 1907, o gobernador civil da provincia deu personalidade administrativa á institución, cando aprobou os primeiros estatutos que fixaban a sede, o domicilio, a organización interna e, entre outras cousas, o uniforme e o escudo do club, que aínda se conservan no substancial. A denominación da asociación completouse o 4 de febreiro de 1909, data na que o Xefe da Casa Real da súa maxestade don Alfonso XIII comunicou á xunta directiva do club o beneplácito rexio para denominarse en diante co rótulo que conserva aínda: *Real Club Deportivo de La Coruña*.

O mérito de ter conservado viva unha asociación deportiva durante un século correspóndelles ós coruñeses en xeral. Pero más significadamente ós socios e accionistas, ós xogadores, e ós presidentes do club. Xusto é, por iso, lembralos hoxe a todos con cordial simpatía.

En primeiro lugar, vaia entón o noso aplauso cara ós socios e accionistas, especialmente ós directivos. Sempre foron moitos, e moi parciais do seu equipo. Hoxe son máis en número e paixón do que nunca o teñan sido, porque o *Dépor* é un club dos coruñeses, un club propiedade da cidadanía. O noventa por cento longo dos seus vinte mil e pico de accionistas posúen cinco accións ou menos, sendo a cifra maioritaria a de dous títulos por persoa. Pola banda oposta, os posuidores de máis de 140 accións non chegan ó tres por dez mil... Esa democracia económica exemplar é sen dúbida unha das claves que explican os triunfos e a solidez do club na actualidade. ¡Parabéns para os socios do *Dépor*!

Felicitamos de seguido a todos os xogadores que militaron e militan no club; especialmente a aqueles que fican orlados de vítores na memoria de millóns de deportivistas de toda Galicia. Loor teñan os atletas coñecidos por ACUÑA, AMANCIO, ARSENIO, BAZÁN, BUYO, CAMPANAL, CHACHO, ELÍCEGUI, FARIÑA, FRAN, HILARIO, ISIDRO, MANOLETE, PAHIÑO, PEDRITO, PELLICER, REIXA, RODRIGO, ZUBIETA... e tantos más.

A Medalla de Ouro que recibe hoxe o Club honra a todos eses nomes, que atraen os máis novos cara ás súas raíces, e que

nos retornan, ós máis maduros, ós alegres anos da mocidade... Moitos daqueles futbolistas foron e son auténticos mitos. Algúns xa finaron, como é lei de vida. Pero moitos deles viven, e algúns mesmo están hoxe aquí connosco. Para todos, e tamén para os que forman o actual equipo, campión da copa do Rei de 2002, unha felicitación moi sentida por esta Medalla de Ouro.

E o mesmo dicimos de todos os presidentes do club, desde o primeiro, don Luis CORNIDE QUIROGA, ata o actual, don Augusto CÉSAR LENDOIRO. Pola amizade que lle gardo a este último, e por ser pública e notoria a relación de militancia política que nos une, debo ser neste marco institucional extremadamente parco no eloxio. Pero ninguén que coñeza un chisco a historia do *Dépor* poderá pensar que esaxero se digo que está a ser o mellor presidente dun club que tivo moitos de gran categoría.

Aqueles presidentes souberon converter pouco a pouco o que era só unha manchea de mozos ilusionados, nun club ben organizado que foi subindo, e aínda se podería dicir que rubindo, da competición local á provincial, desta á rexional, e desta á nacional. Neste nivel superior, o *Dépor* oscilou entre a segunda e a primeira división, pero manténdose máis tempadas

na segunda que na primeira. Ás veces, correu risco a súa supervivencia como club.

Na década dos oitenta, nun deses momentos baixos, fíxose cargo do club o actual presidente, e converteu o *Dépor*, dun club modesto de segunda, nun club de primeira división ben situado na elite das competicións europeas. E non menos meritorio é o ter transformado a pequena asociación deportiva descapitalizada que herdou, nunha complexa sociedade anónima deportiva economicamente sólida, e profesionalmente acreditada. Todos eses factores son os que explican que un club de orzamento modesto, en comparación con outros grandes de todos coñecidos, poida ter obtido nos últimos anos un título e tres subtítulos de Liga, dúas Copas do Rei, e dúas Supercopas de España. ¡Parabéns a todos os deportivistas e ó seu presidente!

A Medalla que se lle outorga co gallo do centenario atende a premiar os méritos contraídos polo club no pasado. Pero mira sobre todo ó futuro. O Pobo de Galicia desexa que esta Medalla de Ouro anime os xogadores, socios, accionistas e directivos do *Dépor* e aumente o fervor de todos eles nas ocasións de gloria, que todos lle auguramos.

#### **4.- PARABÉNS ÓS CONDECORADOS**

Dados estes parabéns á personalidade e á entidade honradas coa Medalla de Ouro de Galicia, práceme agora dárllelos tamén ás demais señoras e señores condecorados, e representantes das institucións así mesmo honradas hogano con Medallas de Galicia. ¡Benvidos sexades todos a este grupo de bos e xenerosos que forman os Medallas de Galicia!

Desenvolvestes moitos de vós notables actividades *culturais e científicas*. Destacades outros condecorados hoxe polos vosos labores *económicos creadores de prosperidade*, pois creastes empresas ou institutos de grande efecto multiplicador da riqueza de Galicia. Outros condecorados, en fin, dedicastes o voso esforzo xeneroso e productivo á tarefas *sociais de solidariedade e cooperación*. ¡Gracias e parabéns!

Moitos de vós, sendo vós mesmos emigrantes, retornastes traendo á terra capitais e iniciativas fructíferas. Congratúlome especialmente convosco.

Tamén a figura exemplar do Padre SARMIENTO veu a Galicia a poñer os seus dotes e as súas capacidades ó servicio da terra, a traballala no seu campo científico e cultural, e a deixarlle en plusvalía un depósito de incalculable valor. Como tantos de vós. ¡Moitas gracias!

Non poucos de vós, en fin, tedes sobresaído en Galicia en actividades relacionadas co ensino, a farmacopea, a saúde, a museística, a peregrinación, a beneficencia, o socorrismo, o salvamento, a vixilancia, o medio ambiente, o emprego, etc. ¡Gracias mil pola vosa achega!

"Se non pode dubidar -escribía Martín SARMIENTO en 1770- de que en Galicia houbo antes, hai hoxe, e haberá sempre, homes para todo: santos, militares de mar e terra, literatos e eruditos".<sup>3</sup>

Referíase a persoas coma vós, señoras e señores condecorados. E, ademais, transmitía unha fe marabillosa nos membros do pobo galego. Fe que nós debemos conservar intacta e retransmitir multiplicada. Os Medallas de Galicia aquí presentes sodes unha encarnación en feitos dessa fe. E refírome a todos, non só ós condecorados este ano.

Acompáñannos, en efecto, como de costume, moitas das persoas condecoradas con anterioridade: reciban de novo parabéns, e os nosos votos pola súa saúde, para que poidan seguir concorrendo a esta xuntanza nas sucesivas edicións. Os mesmos venturosos augurios fago, naturalmente, ós condecorados este ano 2002, ó mesmo tempo que lles lembro

---

<sup>3</sup> Martín SARMIENTO, *Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las voces vulgares* (20.10.1770). Edición e estudio crítico por José Luis Pensado. Separata dos números 353-354 do Boletín de la Real Academia Gallega, Vigo, A. G. Galicia S. A., Burgos 94, sen ano, parágrafo 162, páxina 74.

animosamente o deber que acompaña á súa propia excelencia, e que contrapresta o dereito que teñen a ser honrados por ela.

¡Continuade traballando arreo para facer do noso país a primeira das rexións de España, e de Europa, en riqueza e benestar! Como aínda non o é, ata que non estea esa meta conquistada non temos dereito ó lecer ningún de nós, os que por un ou outro motivo temos a carga da exemplaridade diante de todos os galegos e, sobre todo, dos más novos.

## **5.- PARABÉNS A TODOS OS GALEGOS**

O Día de Galicia, o presidente da Xunta ten o grande pracer de felicitar a todo o pobo de Galicia, no nome de todas as galegas e galegos que serven nas institucións autonómicas. ¡Parabéns para todos os galegos!

E parabéns tamén á cidade de Santiago de Compostela e ós seus habitantes. A nova Cidade da Cultura xa iniciada; a vía do tren de alta velocidade xa comezada; a autoestrada a Ourense en construcción; e sobre todo o Estatuto da Capitalidade, aprobado unanimemente no Parlamento hai uns días, son instrumentos que darán un pulo homérico a Santiago de Compostela e que a

prepararán para mellor cumplir o seu destino histórico de comunidade guieira de Galicia durante o terceiro milenio.

Parabéns así mesmo, para todos os visitantes que viñeron e virán a Galicia neste ano; e para todos os que atenden espiritualmente a esos millóns de peregrinos relixiosos, e de turistas laicos que veñen xunta nós buscando paz espiritual e descanso corporal.

No clima de cordialidade que propicia esta festa común do Día de Galicia, o presidente fai un chamado e unha súplica a todos para que cadaquén faga o que está na súa man para que se consoliden en todos os eidos as políticas de consenso e cooperación e se minoren no posible as contrarias. Se os visitantes que veñan ó noso lar atopan en Galicia, ademais de todos os atractivos xa coñecidos, o grato ambiente de diálogo, comprensión, cooperación e paz social que todas as forzas políticas da comunidade se teñen comprometido a respectar, obteremos todos beneficios mutuos.

## **6.- PARABÉNS Ó SEÑOR SANTIAGO**

Desde que temos conciencia de sermos un pobo diferenciado, celebramos os galegos o Día de Galicia na conmemoración da festividáde relixiosa do Apóstolo Santiago.

Consta xa, no *Códice Calixtino*, de 1160, na oración litúrxica do día 25 de xullo, que se expresa nestes termos:

"Ó celebrarmos a gloriosa solemnidade do santo mártir benaventurado Santiago, fillo de Zebedeo, Patrón de Galicia, rogámosche Señor que nos sirva de guieiro"…<sup>4</sup>

Cómpre por iso incluír neste discurso institucional unha loanza e unha renovación da declaración de patrocinio que lle teñen feito todos os galegos de pro, ó longo da nosa historia, neste mesmo día.

E xa que no corrente ano 2002 estamos a festexar como persoero das letras galegas o monxe bieito do século XVIII frei Martín SARMIENTO, o que lle outorga unha sorte de portavocía autorizada da nosa comunidade histórica, parece apropiado satisface-la nosa obriga tomándolle prestadas ó ilustre bieito asinxenuas coplas con que festexou el o Apóstolo en 1746, é dicir, hai dous séculos e medio. Digo aquelas cántigas que tiñan por obxecto celebrar o patrocinio de Santiago acordado pola Congregación dos Naturais do Reino de Galicia, fundada en Madrid o 10 de novembro de 1740. E din así:<sup>5</sup>

---

<sup>4</sup> *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus* (1160), ed. de Walter Muir Whitehill, Santiago de Compostela, Seminario de Estudios Gallegos, 1944, Libro I, cp. XXVI, inicio. Ou p. 289 da trad. de A. MORALEJO, C. TORRES e J. FEO, Santiago de Compostela, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1951.

<sup>5</sup> Martín SARMIENTO, "Coloquio de vintecatro galegos rústicos" (1746), *As coplas galegas do Padre Sarmiento. Edición, notas e limiar de Xosé Luis Axeitos*, Sada, Edicións do Castro, 1982, coplas 789-799, páxinas 63-64.

*Ben se escolleu por patrón senlleiro  
da Congregación dos Nobres Galegos  
ó noso Santiago, apóstolo de Deus,  
fillo do trebón e do Zebedeo...  
que é sol e lúa, luz e lostrego,  
para os españois, e más prós galegos.*

A cántiga prosegue coa descripción agarimosa e tenra da imaxe compostelá do Apóstolo:

*O noso patrón, santiño ben feito  
de barba dourada, que está no seu eido  
sentado e vestido, cal fora romeiro,  
coa súa escraviña, e co seu chapeo,  
que ten moitas cunchas, so do mar do reino,  
cunchiñas vieiras, abondo e a desexo;  
na man o bordón, ben posto e derecho,  
coa cabaciña que val moito prezo;  
coa compostela no seu lado esquierdo,  
na que están fechados os catro evanxeos.*

Finalmente, velaí a memoria e confirmación do patrocinio:

*Aínda que antes por votos recendos  
xa era de España seu patrón primeiro,  
a Congregación, por un novo afecto,  
de novo o escolleu patrón más de preto.*

Tamén nós renovamos amorosos hoxe "por votos recendos", e "por un novo afecto", o recoñecemento do padroado de Santiago como fixeron aqueles predecesores nosos que tantos bens colleitaron en Madrid para Galicia desde aquela xenerosa Congregación.

E pedímoslle ó Apóstolo que nos protexa ós presentes; e tamén ós ausentes que nos quererían acompañar agora, pero que non puideron facelo, por calquera causa de forza maior; que aumente a *proles gallaeciana* botando fóra o andazo de baixa natalidade; e que nos conceda tal prosperidade económica que nós podamos axudar a outros, en troques de recibirmos axudas.

## **7.- LOANZA DE GALICIA**

Cómpre agasallar Galicia coa loanza que pide a celebración do seu día. E o agasallo será a promesa de repetir a historia de amor patriótico que ofrece a biografía de Martín SARMIENTO. Foi el, como deben saber todos os galegos, despois de transcorrido xa medio ano das letras galegas dedicado monograficamente a divulgar a súa vida e pensamento, un dos galegos que máis amou a Galicia; pero foi tamén, por paradoxo frecuente entre nós, un dos galegos más tímido e curto en

expresar ese afecto. De feito, manifestouno máis con feitos que con verbas.

Non coñeo ben as causas desa relativa incapacidade do monxe sabichón para expresar uns sentimentos de amor á terra que sen dúbida sentía; pero adivíñoas. Matino que o tiña que inhibir bastante a súa condición de crego regular, afeito a hábitos de vida solitaria, e de pouca comunicación afectiva fóra do sagrario da conciencia. Tampouco parece ousado pensar que o tiña que constrinxir moito o culto á razón e o menosprezo do sentimento reinante na época ilustrada en que lle tocou vivir. Unha idiosincrasia crítica e dogmática á par parece innegable, e tamén había de fomentar a súa reserva dos afectos. De feito, nos moitos *pliegos de marquilla* que escribiu falando dos galegos (deles más que de Galicia) poden atoparse centos de pasaxes nas que reflicte as cousas que non lle compracían; pero moi poucas en que aprobe algunha que fose do seu agrado.

Aínda así, quedan algúns testemuños excepcionais que expresan a inevitable loanza de Galicia tamén nos seus escritos. Recordarei, primeiro de todo, dous, provocados polas dúas coñecidas viaxes que fixo á terra en 1745 e en 1754.

No primeiro, que é directo, SARMIENTO sitúase na campiña galega e por unha vez, sen que sirva de precedente, atrévese a piropear a súa paisaxe en verso:

"Os ollos se fartan con tanto recreo  
de terra, de verde de mar, e de ceo".<sup>6</sup>

O segundo testemuño é máis discursivo e propio del, pero non menos sentido, malia o seu envoltorio prosaico. Consta nunha carta ó Duque de MEDINASIDONIA, o seu mecenas, escrita xusto cando o bieito acaba de chegar por segunda vez á casa familiar de Pontevedra. Nela maniféstase SARMIENTO primeiro moi expresivo, avaliando a superioridade de Pontevedra sobre Madrid dunha forma case pecaminosa, para o seu estado monacal:

"Véxome xa transplantado á Andalucía marítima de Galicia,  
escribe SARMIENTO, que é a costa de Pontevedra... Neste recuncho  
do mundo, ás marxes do océano, ... para nada boto de menos a  
miña celiña (de Madrid), aínda contando nela o meu famoso gato  
*Mizaldini*, e os cinco mil corpos de libros que ocupan os seus  
estantes".<sup>7</sup>

---

<sup>6</sup> Martín SARMIENTO, "Coloquio de vintecatro galegos rústicos" (1746), ed. cit., páxina 14.

<sup>7</sup> Martín SARMIENTO, "Carta doce fechada en Pontevedra a 3 de junio de 1754": *Cartas al Duque de Medinasidonia (1747-1770). Edición y estudio de José Santos Puerto*. Ponferrada, Instituto de Estudios Bercianos, 1995, pp. 84-87, p. 84.

Non acaba aí o encomio, senón que de inmediato, SARMIENTO retoma a manifestación directa dos seus sentimentos nestes termos, que sen dúbida pisan o terreo vedado do pecado venial, polo menos:

"Basta de alegoría. Quero dicir que estou gozosísimo fóra da miña cela (de Madrid) e nesta vila (de Pontevedra), mirando os infinitos obxectos que Deus creou... ¿E que lle direi dicindo que moitos deses obxectos non só me entran polos ollos, senón tamén pola boca, estando á disposición do meu gusto todo o máis selecto e delicado do acuatil que se cría nos ríos, nas rías, e no océano?".<sup>8</sup>

¡Verdadeiramente os intelectuais temos unha forma retorcida de expresarles o noso amor ás persoas ou cousas que amamos! Malia todo, o noso monxe expresou a súa paixón por Galicia, e cos anos, foi perdendo aquel pudor esaxerado. Tiña xa 64 anos cando se atreveu a escribirlle ó seu irmán Xavier a punzante confesión que, polo insólita e inequívoca, é a más coñecida das súas:

"Nada vexo, nada oio, nada palpo; nada leo, nada escribo; nada observo, e nada discorro, que non teña á vista Galicia, e a Boa Vila" de Pontevedra.<sup>9</sup>

---

<sup>8</sup> Martín SARMIENTO, "Carta doce fechada en Pontevedra a 3 de junio de 1754", ed. cit., p. 85.

<sup>9</sup> Martín SARMIENTO, "Carta de 25.04.1759 ó seu irmán Francisco Xavier": *Epistolario de Fray Martín Sarmiento*, ed. de Filgueira Valverde e Fortes Alén, p. 139.

Metido SARMIENTO nos 67 anos escribía, aínda que non para dar ós tórculos, loanzas más directas nas que destacaba que:

"o reino de Galicia... por estar rodeado do mar océano ó norte e a occidente, confina con todo o mundo".

Logo encomiaba sucesivamente:

"a abundancia de ríos e regatos", "as quebradas dos seus montes e eidos fructíferos", "a benignidade do seu clima", "a fecundidade humana e de todo vivente e vexetal", "o xenio laborioso dos galegos humildes",<sup>10</sup>

E concluía afirmando isto categoricamente:

"Digo que non hai país más proporcionado para fábricas, manufacturas, e comercio por mar e terra que o reino de Galicia".<sup>11</sup>

E que "ós galegos de polaina e gabán lles sobra nobreza, pundonor, honra e constancia para perseverar nas empresas ás que se dedican, ou nas que nos poñen".<sup>12</sup>

Finalmente, xa metido nos 73 anos, confesaba SARMIENTO en termos autobiográficos que desde que pasara o verán de 1745 en Pontevedra

<sup>10</sup> Martín SARMIENTO, *Obra de 660 pliegos* (1762), volume primeiro, número 625.

<sup>11</sup> Martín SARMIENTO, *Obra de 660 pliegos* (1762), volume primeiro, número 625.

<sup>12</sup> Martín SARMIENTO, *Obra de 660 pliegos* (1762), volume primeiro, número 626.

"xa non pensei máis nin en poetas nin en poesías, e aquela interina afección" á poesía, "apliqueína máis de veras a observar os obxectos da historia natural que Deus creou nos países e mares de Galicia, pois cada obxecto é un perfectísimo poema".<sup>13</sup>

Máis sentimentalismo non se pode pedir a un crego racionalista ilustrado. Pero está claro que, estando xa próxima a hora derradeira da súa vida, SARMIENTO testemuñou que o namoramento de Galicia que sentira ós cincuenta anos xa non esmoreceu, ó contrario, medrou de día en día ata o final.

Fagamos noso o orixinal eloxio de Galicia encarnado na vida dun galego, e expresado, aínda que parcamente, nos seus escritos, poñendo ambos, vida e escritos, como exemplo e modelo para todos. Aprendamos de SARMIENTO que no curso da propia vida nunca é tarde para descubrir que Galicia *non ten taxa, porque non hai prezo no mundo que lle poida corresponder*, e para comenzar a servila con entusiasmo; e para probar que a loita por Galicia non é só cousa de mozos. De feito, o olimpo histórico dos campións do galeguismo está ocupado maiormente por persoas que, como SARMIENTO,

---

<sup>13</sup> Martín SARMIENTO, "Autobiografía. Vida y viajes literarios de fray Martín Sarmiento. Texto adicionado e interpolado por el P. Goyanes". Ed. de J. FILGUEIRA VALVERDE: *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1994, pp. 123-138, p. 129.

libraron e gañaron grandes batallas por Galicia pasado o meridiano dos cincuenta...

Señoras e señores: Esteamos alegres porque puidemos celebrar un ano máis xuntos o Día de Galicia, e redobrar sinerxías coas que poder continuar prestando os servicios debidos á terra nai. Que Deus e o Apóstolo nos concedan podernos volver atopar en boa saúde, e xuntos, o vintecinco de xullo de 2003.

¡De hoxe nun ano!